

Saudiña

Periódico dos temas transversais do currículo

xuño 97

4

Editorial

Saudiña ten xa máis de tres anos de vida. Aínda que parece que foi onte, xa pasou moito tempo e xa se foron desenvolvendo moitos proxectos dende aquel mes de novembro de 1993 en que saíu á luz o número cero deste periódico e onde empezamos a percorrer xuntos este vieiro no que compartimos experiencias, encontros, materiais de apoio...

Durante este tempo fóronse incorporando algunhas innovacións, variouse lixeiramente o formato, cambiáronse algunhas seccións..., e agora chega o momento da ampliación dos horizontes do periódico, abrindo a tódolos temas transversais, xa que todos eles son saudables. Saudiña faise á cor e cambia a súa imaxe gráfica, porque quere navegar "de través" cara ó obxectivo común das comunidades educativa e sanitaria: promocionar estilos de vida saudables na poboación escolar. Para esta viaxe ben valerán as aportacións de tódalas experiencias educativas que amosen proxectos educativos e desenvolvementos curriculares sobre temas transversais. Saudiña xa non será só o voceiro da educación para a saúde —aínda que tamén o seguirá sendo dun xeito máis amplo— senón que se quere converter no vehículo de comunicación entre os contidos transversais. Tentaremos que sexa ese facho que serva para prender nas comunidades educativas de Galicia o interese polo fomento dos valores, que son, ó fin e á postre, o núcleo vertebrador de tódolos contidos transversais. Os valores dunha escola democrática, non discriminatoria, respectuosa e laboriosa co seu contorno natural e construído, segura, participativa, que traballa na autoestima, na autonomía e na responsabilidade persoal e colectiva, son valores que tamén promocionan estilos de vida saudables.

Saudiña naceu, recordaredes, ofrecéndose como "un escaparate do traballo cotián da escola no referente a contidos como: a saúde, o medio ambiente, a calidade de vida...", e nesa mesma liña vai continuar xa que, aínda que é difícil definir exactamente que é a saúde, os coñecementos actuais permiten afirmar que esta depende de múltiples e variados factores, máis aló do corpo e do médico.

Sen dúbida, está cambiando o paradigma, o modelo do que está implicado no mantemento e na promoción da saúde individual e colectiva. Traballar cun concepto amplo de saúde dá pé á incorporación ó **Saudiña** de experiencias e noticias sobre educación do consumidor, educación para a paz, educación para a igualdade dos sexos, educación vial...


Seguiremos informando sobre os acontecementos que se vaian producindo e recollendo todas aquelas experiencias saudables que se realicen no ámbito da transversalidade, sen esquecer aquel slogan inicial de que **Saudiña** só pode saír cara a escola se dela primeiro saíu.

E como o movemento se demostra andando, aquí vos enviamos este exemplar no que podedes atopar "material" moi variado para ver se no próximo número vos animades e nos "afogades" coa vosa participación.

¡Oxalá que esa teima diaria do consello de redacción na procura de material para o periódico se troque nun aumento da frecuencia de saída de Saudiña, xa que sería este un bo argumento para demostrar que os contidos transversais ocupan un lugar importante no traballo diario das nosas escolas!

Sabemos o remiso que adoitan selos docentes cando se trata de plasmar nuns folios aquilo que acontece nas aulas. Pero, pensade que é posible que outros compañeiros e compañeiras volo agradezan se o facedes. As escolas son unha fonte inesgotable de experiencia, non nos privedes de achegámonos a ela. ¡Escribide as vosas experiencias educativas e enviádenolas! ¡Con fotos se pode ser!... ¡Saudiña e felices vacacións! Vémonos de novo para o curso 97/98.

- Páx. 2: As Consellerías de Educación e Sanidade asinan un convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico sobre educación vial
- Páx. 2: O Instituto Galego de Consumo puxo en funcionamento catro obradoiros de consumo para os nenos e nenas con motivo do Día Mundial do Consumidor
- Páx. 3: Avaliación do programa escolar sobre VIH/SIDA 1995/96
- Páx. 4: Forum: Sida e xuventude
- Páx. 4: Prevención de accidentes infantís: unha tarefa constante
- Páx. 5: Aspectos metodolóxicos en educación para a saúde en el medio rural gallego
- Páx. 8-9: O Anxel
- Páx. 10: Diminuindo desigualdades
- Páx. 10: ¿Que facer co lixo?
- Páx. 11: R³: Programa de educación ambiental
- Páx. 15: Aprovechamiento integral del monte
- Páx. 16: A educación para a paz como eixo transversal dos procesos educativos

**SAUDIÑA**

Nº 4 - XUÑO 1997

Tiraxe:

15.000 exemplares

Edita

Xunta de Galicia
 Consellería de Sanidade e Servizos Sociais
 Dirección Xeral de Saúde Pública
 Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
 Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros de Formación Profesional
 Dirección Xeral de Política Lingüística

Consello de redacción

José Luis Aboal Vinas
 Manuel Amigo Quintana
 José Manuel Cotelo Amado
 Pedro Gómez Álvarez
 Julia González-Zaera Barreal
 Carmen Hombro Eiras
 Ángel Longarela González
 José Luis Mira Lema
 Isabel Serna Masía
 Isabel Vallejo Novoa

R/ San Lázaro 107. 15771 Santiago de Compostela.
 dxoefp@ceoug.org

Colaboran neste número

José Graña Carrodegas
 David Méndez Seco
 Celsa Vázquez Vázquez
 María Pilar Otero Moure
 Carmen Rodríguez Cardelle
 Ánxeles Ricart Vázquez
 Ana Gómez Rodríguez
 María Luisa Rodríguez Díaz
 María Dolores Pena García
 Margarita R. Pino Juste
 Lourdes Maceiras
 Antonio Riquero Rodríguez
 Manuel Dios Diz
 Josefa da Silva Fernández
 Celsa Formoso Martínez
 Dolores Banobre Miguez
 Equipos de Educación Infantil e Primaria
 do CP Emilia Pardo Bazán da Coruña

Xestión da edición

Manuel Amigo, Julia Zaera, José Manuel Cotelo

Deseño, maquetación e coordinación de impresión
 Permuy Asociados

Depósito Legal: C-1937/93

ISSN: 1138-9117

A editorial non se fai responsable das opinións vertidas polos seus colaboradores.

As Consellerías de Educación e Sanidade asinan un convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico sobre educación vial

O pasado seis de maio os conselleiros de Educación e de Sanidade e o Director Xeral de Tráfico asinaron en Santiago de Compostela un Convenio de colaboración que ten como obxectivo establecer un marco no que poder desenvolver accións dirixidas a favorecer a seguridade vial e a prevención de accidentes.

A vixencia deste Convenio é de dous anos, pero prorrogarase anualmente mentres as institucións implicadas conflúan neste obxectivo común de promover a educación vial entre os membros da comunidade educativa.

O inicio de cada ano fixarase as accións a realizar e os orzamentos necesarios para poder desenvolver, e neste primeiro ano de vixencia do Convenio están previstas, entre outras, as seguintes:

- Unha campaña de sensibilización nos medios de comunicación sobre educación vial e prevención de accidentes dirixida a toda a poboación.
- Unha activación formativa en cada Centro de Formación Continuada do Profesorado, dirixida ó profesorado de educación infantil, primaria e secundaria.

- Axudas económicas a seminarios permanentes, a proxectos de formación e asesoramento do profesorado en centros e a grupos de traballo que promovan a introducción da educación vial e a prevención de accidentes nos centros educativos.

- Edición da *Guía da educación vial para a educación primaria*, que será enviada a todos os centros educativos que imparten ensinanzas nesta etapa.

- A Dirección Xeral de Tráfico facilitará a utilización dos parques móbiles dos que dispón a aqueles centros educativos dunha zona que programen actividades de educación vial e prevención de accidentes.

Todas estas accións desenvolveranse a partir do inicio do curso 1997-98, e aquelas persoas que desexen obter máis información poden solicitarla no Centro de Formación Continuada do Profesorado correspondente, dirixíndose ó asesor ou asesora encargado da educación para a saúde.

O Instituto Galego de Consumo puxo en funcionamento catro obradoiros de consumo para os nenos e nenas con motivo do Día Mundial do Consumidor

Baixo o título "Obradoiros de Consumo, mans a obra", e enmarcados dentro dos actos conmemorativos do Día Mundial do Consumidor, que tivo lugar o pasado día 15 de marzo, o Instituto Galego de Consumo levou a cabo un conxunto de actividades lúdico-didácticas que están dirixidas ó público infantil en xeral, e concretamente, os nenos de idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos.

O principal obxectivo que se pretende alcanzar coa creación e posta en marcha destes obradoiros de consumo é ensinar ós nenos, da maneira entretida, cales son os hábitos correctos de consumo, presentar as condutas de prevención e precaución, como evitar accidentes domésticos e inculcar-lles o amor pola natureza e mostrar actuacións da vida cotiá que contribúen a respectar ó medio ambiente. Tamén este sistema serve para fomentar os sentimentos de pertencencia a un grupo, así como para exemplificar vías de xogo e entretemento máis constructivos, mellora-la capacidade expresiva dos nenos e favorece-la súa comprensión do mundo e a súa organización da realidade.

En definitiva, o Instituto pretende a través dunha aprendizaxe manipulativa, ensinar ós nenos a pensar por si mesmos, e complementa-los seus coñecementos escolares, que moitas veces, quedan limitados ó propio centro de ensino.

TEMÁTICA

O IGC preparou catro obradoiros nos que a súa temática é: "A seguridade infantil", "A publicidade e os medios de comunicación", "A roda da alimentación" e "Os procesos de reciclaxe". Así, instaláronse un obradoiro de cociña, un de saúde, e outros dous máis de publicidade e medio ambiente. A visita a cada un deles dura entre quince e vinte minutos.

Tódalas actividades, probas e preguntas que se desenvolven nos mesmos están vertebradas por un xogo, onde o protagonista é o Camaleo. O xogo de "Salta Camaleo" conta con catro taboleiros para participar, un por cada obradoiro, pero coa peculiaridade de que estes están sobre o chan e os nenos son as fichas humanas que teñen que ir saltando, de casilla en casilla, en función da tirada que saia nun dado gigante.

Cada obradoiro está atendido por unha monitora que antes de iniciarse cada partida amosa ós rapaces o decorado, e lles explica varios temas e cuestións que estean relacionados con cada obradoiro. Ademais, hai unha persoa que fai de guía, que se sitúa na entrada, no que se chama "Casilla de saída" e que toma nota dos datos persoais dos nenos, centro de ensino, curso, etc., para que despois estes cativos poidan recibir na súa casa o carnet do Clube Camaleo.

Estes obradoiros foron itinerantes durante os meses de abril e maio. Estiveron presentes en Sanxenxo, Expourense (Forumensino), Ribadavia, e outra vez en Santiago.

A partir do mes de setembro estarán instalados de xeito fixo e poderán ser visitados polos alumnos de toda Galicia cando o seu colexio así o solicite.

O Instituto Galego de Consumo ten feita unha sondaxe da aceptación destes obradoiros e hai que dicir que os nenos aparte de aprender pásano moi ben, que é o que se pretende con estes obradoiros para aprender xogando.

A mascota Camaleo volverá a poñerse de moda, como ocorreu o ano pasado, cando os alumnos dos colexios volvan a xogar co Camaleario e tamén cando poidan ver a este personaxe na TVG a partir de Setembro no Programa "Camaleo aprende a consumir" que se emitirá dentro da banda horaria do Xabarin Club. A parte disto, os nenos poden facerse socios do club Camaleo o que servirá para identificar a esta mascota con hábitos de consumo responsables.



Diminuindo desigualdades

LOURDES MACIÑAS

Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública,
Facultade de Medicina,
Universidade de Santiago de Compostela /
Asociación Galega de Educación para a Saúde

INTRODUCCIÓN

Cando nos solicitaron a organización dun curso de formación de formadores, para un grupo de trinta profesoras e profesores, sobre educación para a Saúde na Escola e nos pediron un *tema orixinal...*, démoslle voltas á Promoción da Saúde, como *caixon de xastre* dentro do que está metida a Educación para a Saúde, e decidimos *entrarlle* á "redución das desigualdades en saúde", non en sanidade, senón na expresión cotiá da vida saudable, tanto a nivel persoal como social.

Partimos dunha base: para conseguir esta redución, hai que diminuír tódalas desigualdades: sociais, culturais, étnicas, económicas, de accesibilidade ós bens e servizos, etc., así elevarase a calidade e o nivel de vida, aumentando con eles a saúde, sen necesidade de incrementalo que é estritamente o cuidado sanitario, nin depender continuamente de fármacos. Non sempre uns bos servizos sanitarios van acompañados dunha boa saúde para toda a poboación.

Optamos por centrarnos nun campo concreto (segundo a estratexia da OMS: *"Pensade globalmente, actuade localmente"*) e esto levounos á realización dunha *Análise das desigualdades na Literatura Infantil e Xuvenil*".

OBXECTIVOS

1. Presenta-lo concepto *promoción de saúde*.
2. Aprender a identifica-los problemas e conflitos que poden causa-las desigualdades físicas, psíquicas e sociais, e as súas repercusións sobre a saúde.
3. Desenvolve-la capacidade de lectura crítica.
4. Profundizar na análise da transmisión de conductas e de posibles desigualdades por medio da literatura, e a influencia que esto pode ter desde añez sobre os comportamentos das persoas, de tal maneira que poida dar lugar a discriminacións.

5. Identificar estratexias de intervención sobre este tipo de desigualdades, desde a Educación para a Saúde, por medio da lectura.
6. Desenvolve-la capacidade comunicativa, tanto escrita como verbal e gráfica, como medio de entendemento entre as persoas.

MÉTODOS

Utilizamos métodos participativos, con:

- a) Sesións teóricas dialogadas.
- b) Presentación de experiencias.
- c) Debates.
- d) Traballo de grupos (as persoas asistentes dividíronse en cinco grupos para reflexionar, discutir e expoñer despois as súas ideas e intereses).
- e) Talleres de técnicas.
 - O lema era "¡Sorprender coas actividades!", para logra-la motivación a través delas.

CONTIDOS

Para desenvolver-los nosos obxectivos de identificación de desigualdades artísticos:

Dos dous primeiros artigos da Declaración Universal de Dereitos Humanos:

Artigo 1. Tódolos seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.

Artigo 2. 1. Toda persoa ten tódolos dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

2. Ademais, non se fará distinción algunha fundada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio do que dependa unha persoa, tanto se se trata dun país independente, como dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación de soberanía.

E doutros dous artigos da Constitución Española:

Artigo 14. Os españois son iguais diante da lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por

razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 16. 2. Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.

RECURSOS

Para traballar esta temática cotidianamente con nenos e xoves, deben utilizarse os libros que len habitualmente eles, así que elaboramos-la nosa propia bibliografía, e utilizamos tamén outras xa existentes:

- sobre diferencias físicas e psíquicas: do Centro de Documentación do IBBY de libros para xoves incapacitados, da Fundación Germán Sánchez Ruipérez,
- sobre diferencias sociais, culturais e sexuais: da Cruz Vermella, dos Seminarios de Educación para a Paz, da Asociación "Una palabra outra", e das revistas *C.L.I.J.* e *Primeiras Noticias*.

O Ministerio de Asuntos Sociais ten promovido os programas *"Non marques diferencias"* e *"Todos iguais, todos diferentes"*, nos que se inclúen datos de libros e películas cos que tamén temos traballado.

CONCLUSIÓN

Damos por sentado, por suposto, que o dereito á diferencia asistelle a todo o mundo, pero non por ser diferentes, as persoas poden ser discriminadas nin tratadas de forma desigual.

Por outro lado, traballa-la autoestima, sentimentos de identidade, confianza nun mesmo, toma de decisión e asunción de compromisos persoais e de riscos, con nenos e xoves, é un bo camiño para chegar a clarifica-las relacións con mesmo e cos demais de cara a conseguir unha boa Saúde Mental, Afectiva e Relacional.

As persoas que estabamos no curso (tanto docentes como discentes) non podiamos imaxinarnos o que ía dar de si o tema ata que o fomos desenvolvendo, co que, ó final, interiorizámo-lo lema: "Traballa, que algo queda".

É importante atreverse a *facer cousas raras* e romperse un pouco a cabeza cos temas orixinais, se non abrimos camiños, nunca chegaremos a lugares novos, ou, polo menos, pouco visitados.

BIBLIOGRAFÍA

1. AAVV. Aprende a jugar, aprende a vivir. Madrid: APDH; 1991.
2. AAVV. Cancións, contos e adiviñas infantís... Lugo: Xunta de Galicia; s.d. [Con cinta de magnetófono].
3. AAVV. La santé au fil des pages. Rennes: Bibliothèque Municipale; 1991.
4. Alonso J, Antó JM. Desigualdades de salud en Barcelona. Gaceta Sanitaria. 1988; 2(4): 4-12.
5. Amnistía Internacional. Derechos humanos: una esperanza. Madrid: AI; 1985.
6. Ashton J. La promoción de la salud, un nuevo concepto para una nueva salud pública. Las ciudades sanas, una iniciativa de la nueva salud pública. Valencia: Generalitat Valenciana; 1990.
7. Asociación "Una palabra otra" (ed). Érase una vez una niña... s.l.; 1992.
8. Bettelheim B. Psicoanálisis de los cuentos de hadas. Barcelona: Crítica; 1994.
9. Bortolussi M. Análisis teórico del cuento infantil. Madrid: Alhambra; 1985.
10. Bryant SC. El arte de contar cuentos. Barcelona: Hogar del libro; 1985.
11. Caivano F. Leer entre líneas. Aprendizaje de la lectura e inculcación ideológica. Cuadernos de Pedagogía. 1977; 36: 32-3.
12. Calvo D. Los cuentos presentan una estructura social de dominación-sumisión. Comunidad Educativa. 1989; 174: 17-9.
13. Calvo T. Los racistas son los otros. Madrid: Popular.
14. Cascón P, Martín C (eds). La alternativa del juego. Santander; 1989.
15. Cerdá H. Ideología y cuentos de hadas. Madrid: Akal; 1985.
16. Comité Intersectorial de Ciudades Sanas. Declaración de Liverpool sobre el Derecho a la Salud. Gaceta Sanitaria. 1989; 3(15): 585-7.
17. Conesa MA. Crece como persona. Un método sencillo de crecimiento personal a partir de cuentos de Andersen. Bilbao: Mensajero; 1992.
18. Cruz Roja Española. Taller de educación no sexista. Madrid: CRE; 1991.
19. Chazin SM, Quero M. Educar jugando. Madrid: Escuela Española; 1988.
20. Durán MA. Desigualdad social y enfermedad. Madrid: Tecnos; 1983.
21. Fährmann W. La escuela es más que enseñar. Madrid: SM; 1985.
22. Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Tal como somos. Salamanca: Fundación GSR; 1991.
23. Fundación Santillana. La Educación No Formal, una prioridad de futuro. Madrid: Fundación Santillana; 1991.
24. García G. Interacción social y animación juvenil. Madrid: Popular/Ministerio de Asuntos Sociales; 1990.
25. García I. Ocio y Salud. Madrid: Ministerio de Sanidad y Consumo; 1986.
26. Garralón A. Literatura con valores. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil. 1990; 13: 26-31.
27. Hamelin M. Los cuentos y los niños. Barcelona: Hogar del Libro; 1986.
28. Held J. Los niños y la literatura fantástica. Función y poder de lo imaginario. Barcelona: Paidós; 1987.
29. Herrero T, Subirats M, Careaga P. ¿Sexismo en la escuela? Ser Padres Hoy. 1991; 196: 66-70.
30. Jasso V. Cultura y educación. Un estudio en antropología cultural. La transformación de los sistemas culturales a través de los cuentos populares [tesis doctoral]. Barcelona: Universidad de Barcelona; 1982.
31. López G, Campo ME. Estrategias y técnicas de animación lectora. Madrid: Escuela Española; 1990.
32. Macieiras L. ¿De que hablamos cuando hablamos de Educación para a Saúde na Escola? ADAXE. Revista de Estudos e Experiencias Educativas. 1991; 7: 69-81.
33. March JC. Granada en sus barrios. Descripción de sus desigualdades en salud [tesis doctoral]. Granada: Escuela Andaluza de Salud Pública; 1989.
34. Martín FJ, March JC. Desigualdades sociales en salud en la ciudad de Málaga. Gaceta Sanitaria. 1992; 6: 198-203.
35. Martínez A. Narraciones infantiles y cambio social. Madrid: Taurus; 1971.
36. Moyano MC, Delgado M, Rodríguez-Contreras R, López R, Cueto A, Gálvez R. El cuento como técnica de educación sanitaria en escolares. Gaceta Sanitaria. 1989; 3(13): 461-6.
37. Nájera P. Educación sanitaria del preescolar. Revista de Sanidad e Higiene Pública. 1980; 54: 1029-41.
38. Organización Mundial de la Salud (OMS). Educación sanitaria de niños y jóvenes. Revista de Sanidad e Higiene Pública. 1979; 53: 219-33.
39. Propp V, Melétnski, E. Morfoloxía del cuento. Las transformaciones de los cuentos maravillosos. El estudio estructural y tipológico del cuento. Madrid: Fundamentos; 1987.
40. Real Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalía. Boletín nº 14. Madrid: RPPAPM; 1989.
41. Regidor E, Gutiérrez-Fisac JL, Rodríguez C. Diferencias y desigualdades en salud en España. Madrid: Díaz de Santos; 1994.
42. Reidarson N, et al. Libros para jóvenes incapacitados. Una bibliografía comentada. Oslo: Centro de Documentación de libros para jóvenes incapacitados del IBBY, Instituto Noruego de Educación Especial; 1991.
43. Rodari G. Gramática de la Fantasía. Barcelona: Argos Vergara; 1983.
44. Romero L. La aventura de leer. Barcelona: Salvat; 1985.
45. Sáiz A. Modelos de infancia. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil. 1992; 45: 7-13.
46. San Martín H. Une certaine vision de l'homme. Madrid: Karpos; 1983.
47. Seminario Permanente de Educación para a Paz. Sobre a inmigración. Unidade didáctica. Santiago de Compostela: SPEP; 1993.
48. Seminario Permanente de Educación para a Paz. Sobre o desemprego e a pobreza: a nova marxinação. Unidade didáctica. Santiago de Compostela: SPEP; 1997.
49. Solas O. Equidad geográfica: desigualdades sociales en salud de las provincias españolas [tesis doctoral]. Granada: Escuela Andaluza de Salud Pública; 1988.